


EII

Enfermedad
Inflamatoria
Intestinal



Enfermidade Inflamatoria Intestinal (EII)

As EII son **patoloxías do aparato dixestivo**, crónicas, idiopáticas, complexas e, en xeral, **bastante descoñecidas** polo conxunto da sociedade. As dúas principais categorías de EII son a **Enfermidade de Crohn** e a **Colite Ulcerosa**. Trátase de patoloxías nas que a persoa afectada e o seu entorno sofren un **gran impacto a nivel físico, psíquico e social** e, ao mostrar unha **alta prevalencia en persoas mozas**, afecta directamente o crecemento persoal e profesional.

Os avances na diagnose de EII e a existencia doutros factores aínda non de todo coñecidos fan que a **detección de novos casos se produza a idades cada vez máis temperás** (o que redunda nun aumento progresivo da incidencia), sendo unha terceira parte das persoas diagnosticadas antes dos 20 anos.

Isto supón **cambios no estilo de vida** e un proceso de axuste, pola cronicidade das patoloxías, a **diversos cambios físicos, psicolóxicos, sociais e ambientais** derivados da enfermidade e o seu tratamento, que poden resultar **complexos de xestionar, especialmente na adolescencia**.

Nos centros educativos deben xerarse as condicións necesarias para que **padecer unha EII non supoña ningún obstáculo no desenvolvemento do alumnado**, propiciando que o/a estudante con EII participe plenamente en todas as actividades. Para iso xoga un papel fundamental a **información, formación e coordinación entre todos os axentes** implicados no marco do **Protocolo de Atención en Urgencias Sanitarias e Atención Educativa ao Alumnado con Enfermidade Crónica** e, de ser o caso, a **normativa e instrucións** que regulan os **Comedores Escolares**.

Todas as actuacións estarán orientadas a velar pola plena **inclusión, equidade e igualdade de condicións e oportunidades do alumnado** con EII, nun **clima de convivencia** que garanta a **confidencialidade, a intimidade, a confianza** e o respecto co obxectivo de que o alumnado desenvolva á máxima autonomía persoal e vida independente.

Actuacións xerais



Dispoñer dun baño ou servizo preto da aula e facilitar que o/a alumno/a poida ocupar, de precisalo, **unha mesa o máis cerca posible da porta de saída ao servizo**.



Facilitar que o/a alumno/a, en caso necesario, **poida asearse e mudarse** nas instalacións do centro.



Permitir a saída do alumno ou alumna ao cuarto de baño coa frecuencia que precise, tanto se está en clase como realizando probas académicas (sempre que a normativa marco o permita ou coas particularidades ou adaptacións que se establezan).



Favorecer a plena integración en todas aquelas actividades que o centro educativo promova, incluídas as saídas do recinto escolar. **Priorizarase o uso de autobús con baño** para as saídas, sempre que sexa posible.



Facilitar a realización das probas académicas correspondentes cando ao alumno ou alumna lle sexa posible no caso de que exista unha **situación documentada** que lle impida levalas a cabo no período oficial designado, xa sexa **hospitalización, baixa médica ou asistencia a centro sanitario**, de acordo coa lexislación vixente.



Prestar os **medios e recursos propios da atención domiciliaria**, tales como medios tecnolóxicos e materiais para a continuidade dos estudos do alumnado con EII nos períodos nos que faise imposible a asistencia presencial as clases, seminarios, prácticas, exames e actividades académicas.



Promover o **subministro diario de alimentos axeitados** ás necesidades nutricionais do alumnado con EII que faga uso do **Comedor Escolar** e de acordo coa normativa e instrucións vixentes e o seu informe médico e ao Plan de atención Individualizado.



Facilitar a **toma dos tratamentos e da medicación ao longo da xornada lectiva** de acordo ao seu Plan de atención individualizado.